

EXPEDIENTE:	2023/00050024A. Modificación puntual do Catálogo do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1) na unidade edificatoria 511224 (rúa do Franco, 56)
PROCEDEMENTO:	Resumo executivo

1. Obxecto e alcance da modificación

A modificación afecta unicamente á ficha de catalogación da unidade edificatoria 5111224 (rúa do Franco, 56), incluída no Catálogo do *Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica* (PE-1).

A Modificación ten por obxecto incorporar á ficha do Catálogo a pintura mural (fresco) existente no local da planta baixa (antigo *Bar América*), que foi realizada no ano 1954 por Urbano Lugrís.

A pintura mural intégrase no Catálogo co nivel de protección integral, o que determina a aplicación do réxime de protección establecido na Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia (LPCG), así como no Título III da normativa do Plan especial da cidade histórica (artigo 82 e concordantes).

Consonte ao artigo 32 da LPCG as persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias do ben e, en xeral, as titulares de dereitos reais sobre bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia están obrigados a conservalos, mantelos e custodialos debidamente, e a evitar a súa perda, destrución ou deterioro.

Así mesmo, están obrigados a comunicar á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia (DXPC) calquera dano ou prexuízo que afectase de forma significativa o seu valor cultural.

Calquera intervención que se pretenda realizar no ben catalogado e no seu contorno de protección -que inclúe a totalidade da parcela- esixe a previa autorización da DXPC, coas excepción reguladas na LPCG.

De conformidade co artigo 39.1 da LPCG os cambios de uso substanciais no local no que se atopa a pintura deberán autorizarse polo órgano competente en materia de protección do patrimonio cultural. Para estes efectos, considérase substancial a implantación de calquera uso ou actividade distintas das de ocio-restauración grupo I, segundo se definen no apartado correspondente do artigo 112 do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM).

2. Suspensión de licenzas e actos suxeitos a comunicación previa

O acordo de aprobación inicial da modificación -adoptado pola Xunta de Goberno o 29.01.2024- determina a suspensión automática das licenzas de edificación, parcelación ou derruba que poidan devir incompatibles coa protección do ben. O ámbito da suspensión inclúe a totalidade da parcela catastral 7276825NH3477E0001WX.

A suspensión afecta tamén aos actos suxeitos a comunicación previa que supoñan a implantación dun uso ou actividade distinta das de ocio-restauración, grupo I (artigo 112 do PXOM) no ámbito do local no que se atopa a pintura.

A suspensión terá unha duración máxima de DOUS ANOS, contados dende a aprobación inicial, polo que se extinguirá o día 29.01.2026, ou, de ser o caso, coa aprobación definitiva e entrada en vigor da modificación.